

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Camilo Franco dará o pregón

Ribadavia, capital do teatro un ano máis

Volve un dos eventos máis importantes das nosas artes escénicas o teatro galego: a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, xa na súa XXIII edición, convoca a 21 compañías na vila ourensá do 17 ao 24 de xullo.

Redacción - 19:40 16/07/2007

Teatro para nenos e nenas, para bebés para persoas adultas e para quen nunca deixou de ser cativo, malabares, circo, marionetas, danza, teatro de autor, teatro na rúa... Ribadavia acolle esta semana infinidade de expresións escénicas na XXIII Mostra de Teatro. Catro das compañías son galegas: lagarta, lagarta trae *As últimas lias*, Pista Catro, a súa coprodución do [CDG](#), *Kamikaze*, onde experimentan co novo circo, Sarabela, *Margar no Pazo do Tempo*, e Zancalino estrea un espectáculo de rúa.

Ademais, veñen once agrupacións do resto do Estado: dende Euskadi, [Deabru Beltzak](#) con *Bande Déplacée* e dende Madrid o *Cancionero republicano* de Micomicón, [Teatro en el Aire](#), cunha experiencia "sensoteatral" titulada *La cama*, a divertida *Móvil*, de Sergi Belbel, levada a escena polo [Centro Dramático Nacional](#), con María Barranco como intérprete, e *Cantando bajo las balas*, de [K. Producciones](#). Tamén veremos á catalá [Mar Gómez](#), a andaluza Date Danza, cunha montaxe para bebés de 0 a 3 anos, *Tondo Redondo*, e, dende Castela e León, [Teloncillo](#) con *Muuu... Las cosas de Celia*, e [Teatro Corsario](#) con *Aullidos*.

Dende a outra beira do Atlántico, chega a arxentina [La Mula](#), con *A desmano*, a o Ballet Nacional Folk de Cuba, e o [Teatro de la Plaza](#) de Brasil, coas súas *Histórias de desperdícios*. Dende Italia, Teatrino del Piedi trae unha novedosa técnica de títeres: *Había unha vez... dous pés*. A francesa Bouldegon, que inaugura a mostra con *Encore Pluvieux* e a turca [Ziya Azazi](#), que a pechan con *Dervish in progress*, completan o cartel. O encargado de abrir este martes a mostra dando o pregón é o crítico teatral, xornalista e escritor Camilo Franco.